

Un anaco de *S'intelligèntzia de Elias*, de Giuseppe Coròngiu, traducido ao galego¹

Pedro Basalo Bembibre²

Giuseppe Coròngiu (Làconi, 1965) é unha figura destacada no ámbito da lingua e a cultura sardas: xornalista, tradutor, responsable das políticas lingüísticas rexionais de Sardeña entre 2004 e 2014 e tamén escritor. É, ademais, autor de varios ensaios sobre a normalización e a normativización do sardo, entre os que destacan *Il sardo: una lingua "normale"* (2013) ou *A dies de oe. Annotos pro una limba sarda tzivica e cuntemporànea* (2020). Respecto á narrativa de ficción, nos últimos anos publicou o volume de relatos *Metropolitània e àteros contos tòpicos, distòpicos e utòpicos* (2019) e a novela *S'intelligèntzia de Elias* (2022).

S'intelligèntzia de Elias é unha novela negra distópica ambientada na Sardeña posterior a 2030. A investigación sobre a morte dunha rapaza posibilitará, á parte da esperable dose de intriga, levar a cabo unha radiografía pouco compracente sobre os males da sociedade sarda. Alén da esmerada construción do relato, tanto a crítica como o público coinciden en que a lingua empregada (que segue o ronsel do *sardo illustre* literario e as normas da *Limba Sarda Comuna*) constitúe outro dos méritos da obra, pois ofrece unha prosa áxil e adaptada á modernidade. O fragmento que se traduce deseguido é o prefacio da obra³.



Istèrrida

Mi naro Eduardu Curreli e bos devo contare totu. Pro su chi faghia tando e pro su chi so como. E pro more chi apo bìvidu sos acadessimentos bidende totu sas furriadas cun sos ogros meos e, a bortas, finas leende detzisiones

Prefacio

Chámome Eduardu Curreli e téñovos que contar todo. Polo que facía daquela e polo que son agora. E porque vivín os acontecementos vendo todas as viraxes cos meus ollos e, ás veces, incluso tomando as decisións que os causaron.

¹ Coròngiu, Giuseppe (2022): *S'intelligèntzia de Elias*. Casteddu: Janus Editore, pp. 9-11. Fotografía do autor: Istituto di Studi e Ricerche Camillo Bellieni.

² Università degli Studi di Padova, Dipartimento di Studi Linguistici e Letterari, Centro di Studi Galeghi. Correo-e: pedro.basalobembibre@unipd.it. ORCID: <https://orcid.org/0000-0002-4487-2308>.

³ Torro gràtzias a Francesca Sini e Andrea Puggioni pro s'agiudu issoro e tamén a Santiago Serantes Blanco polas observacións.

chi los ant cajonados. Apo su dovere de bos fàghere ischire comente sunt andadas sas cosas in logu nostru in custos ùrtimos annos. Comente sa realtade e sa política sunt cambiadas in bonu e comente sa gente oe in die at connotu tempos mègius e prus saliosos. Sos sardos sunt prus cuntentos, no ant prus su pistighingiu de unu tempus. Sa Sardigna no est istada mai gasi libera e soberana. No est prus sutamìtida.

Su Covid l'amus bintu, virus non bi nd'at prus. Mancu ammentu. Su disimpreu est acabadu, unu muntone de disterrados e giòvanos chi si nche fiant fuidos sunt torrados e faghent traballos bene pagados in tzidade e in sas biddas. Sas indùstrias chi aiant luadu su logu nche las amus bogadas e massaria cun pastoriu sunt traballende bene cun esportatziones chi lompent in totu su mundu, mescamente dae cando amus abertu sos mercados orientales. Semus prenos de turismu totu s'annu, non petzi in s'istade, e sos biagiadores no andant a bisitare petzi sas pràgias, ma finas nuraghes e domos de janas de sos bidditzolos prus minores. Sos Gigantes de Monte Prama los connoschent como in totu su mundu che sinnu de sa grandesa nostra. Sos aèreos chi movent e lompent sunt totus a baratu. Amus unu sistema iscolàsticu in ue italianu, inglesu e sardu sunt obligatòrios dae sas iscolas maternas e in ue si podent imparare finas tzinesu, russu e àrabu. Su monolinguismu italianu, su chi at aurtidu su cherbeddu de sos sardos pro duos sèculos, est finidu. Tenimus in fines un'universade [*sic*] chi no est prus domo de barones parassitas, ma chi faghet chircas e istùdios de fama internatzionale sena suzare sa mammidda de sa Regione pro de badas. Semus alleados econòmicos e militares de sos USA e de sa Tzina. Su PIL nostru oe in die est parivile a su de su Lussemburgu. Su passadu nostru de pòpulu bintu e colonizadu est unu regordu ebbia. Como semus soberanos, su chi sos mègius de nois ant semper bisadu.

Su càmbiu, est de badas a ddu nàrrere, est meressimentu mannu de s'esperientzia de Elías Dessanay, chi totus connoschides. Inoghe bos apo a contare comente issu est lòmpidu a in ue at pòtzidu mudare sas cosas, su pro ite e su comente. Totu est dèvidu a sa cuscèntzia e s'intelligèntzia sua, a sa sienda manna chi giughet in cherbeddos e in coro. No isco si totu siat bonu o malu, devides giugare bois. Deo bos conto e bostu.

Teño o deber de facervos saber como foron as cousas na nosa terra nestes últimos anos. Como a realidade e a política cambiaron para ben e como a xente de hoxe coñeceu tempos mellores e máis gustosos. Os sardos están máis contentos, xa non teñen as preocupacións de outrora. Sardeña nunca foi tan libre e soberana. Xa non está sometida.

A covid vencémola, xa non hai virus. Nin sequera a lembranza. O desemprego acabou, un montón de desterrados e mozos que escaparan volveron e traballan ben pagados na cidade e nas vilas. As industrias que contaminaran o territorio botámolas e a agricultura xunto co pastoreo están traballando ben con exportacións que chegan a todo o mundo, sobre todo desde que abrimos os mercados orientais. Estamos repletos de turismo todo o ano, non só en verán, e os viaxeiros non van visitar só as praias, senón incluso os *nuraghes* e as *domos de janas* das aldeñas máis pequenas. Aos xigantes de Monte Prama coñécenos agora en todo o mundo como sinal da nosa grandeza. Os avións que van e veñen son todos baratos. Temos un sistema escolar no que italiano, inglés e sardo son obrigatorios desde preescolar e no que se poden aprender ata chinés, ruso e árabe. O monolingüismo italiano, que inzou o cerebro dos sardos durante dous séculos, rematou. Temos, finalmente, unha universidade que xa non é o fogar de baróns parasitos, senón que fai investigacións e estudos de fama internacional sen chuchar da teta da Regione⁴ para nada. Somos aliados económicos e militares dos EUA e da China. O noso PIB hoxe en día é igual ao de Luxemburgo. O noso pasado de pobo vencido e colonizado é só un recordo. Agora somos soberanos, o que os mellores de nós sempre soñaron.

O cambio, sobra dicilo, é un gran mérito da experiencia de Elías Dessanay, que todos coñecedes. Agora contareivos como el chegou a onde puido mudar as cousas, o por que e o como. Todo é debido á súa conciencia e á súa intelixencia, á gran riqueza que leva na fronte e no corazón. Non sei se todo é bo ou malo, debes xulgar vós. Eu cóntovos e listo.

⁴ Regione fai referencia ao goberno rexional sardo (*Regione Autònoma de Sardigna*).

L'apo a fàghere tràmite trascritziones chi agatades inoghe, faghende faeddare a manera direta finas sa cuscèntzia de Elias cun su flussu isteladu de sos ammentos suos in prima persone (sa tecnologia chi amus isvilupadu oe l'adduit). Cada tantu bos apo a presentare carchi cantzu de ischedas meas informativas in corsivu pro acrarire e cumprèndere mègius fatos, persones, istòrias e sèberos.

Bi sunt finas sos pecados, sos vitzios e sos contos personales de s'òmine, chi amus a perdonare. Sunt sas misèrias de su gènere umanu. In prus iscurrer su pensamentu personale de Elias in contu de unos argumentos generales de un'òmine chi at finas unu sentidu familiare, tzivicu, culturale, natzionale. Mancari servint a cumprèndere chi cada òmine podet èssere de utilidade a sa sotziedade sua finas no essende un'ànghelu e faghende faddas medas. E finas aende vitzios chi calicunu giùigat immorales. No apo tzensuradu mancu sas peleas chi mi pertocant pro non farsare sa beridade. Mancu sas cosas prus magrangiosas de su comportamentu meu. Ispero cun custu traballu de bos dare unu servitziu bonu, pro cumprèndere come semus lòmpidos a Sardigna Felix: gasi come apo semper fatu su dovere meu cun totu sos guvernos chi apo servidu.

Fortza Paris Sardigna
E.C.

Fareino a través das transcricións que atopades aquí, facendo falar de maneira directa ata a conciencia de Elías co fluxo estrelado das súas lembranzas en primeira persoa (a tecnoloxía que desenvolvemos hoxe permíteo). Cada pouco presentareivos algún fragmento das miñas fichas informativas en cursiva para aclarar e comprender mellor feitos, persoas, historias e escollas.

Están ata os pecados, os vicios e as consideracións persoais do home, que perdoaremos. Son as miserias do xénero humano. As máis das veces discorre o pensamento persoal de Elías á conta de asuntos xerais dun home que ten ata un sentido familiar, cívico, cultural, nacional. Aínda que só sirvan para comprender que todo home pode ser de utilidade á súa sociedade, mesmo non sendo un anxo e comendo moitas faltas. E incluso tendo vicios que algún xulga inmorais. Non censurei nin sequera as tribulacións que me concirnen para non falsear a verdade. Nin sequera as cousas máis miserables do meu comportamento. Espero, con este traballo, prestarvos un bo servizo para comprender como chegamos a Sardigna Felix: así como sempre cumprín o meu deber con todos os gobernos que servín.

Adiante Xuntos Sardeña
E.C.